

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 25.01.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 25 de xaneiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 6736 (10/CPC-000007)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, por petición propia, para informar sobre o balance da loita contra o furtivismo en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

Punto 2. Preguntas orais

- 2.1 19658 (10/POC-003221)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa posible prohibición da pesca da sardiña nos próximos quince anos nas zonas VIII c e IX a, as medidas que está a adoptar para evitala e, se é o caso, as previstas para garantir o futuro do cerco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017
- 2.2 1895 (10/POC-000265)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a situación na que se atopa e os datos referidos ao proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas medidas adoptadas pola Garda Civil no porto de Aguiño respecto de tres embarcacións dedicadas á extracción de percebe por non axustarse a potencia dos seus motores á que figura nas súas documentacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 29, do 15.12.2016
- 2.3 13251 (10/POC-002330)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a situación das escaleiras de madeira que discorren entre o porto de Sada e a rúa de Abaixo do núcleo de Fontán

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

- 2.4 21903 (10/POC-003527)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a concesión administrativa dun centro deportivo situado na rada
arousá pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 17/01/2018 12:50:32

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 25.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 25.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 6736(10/CPC-000007)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, por
petición propia, para informar sobre o balance da loita
contra o furtivismo en Galicia

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

16 MAR. 2017

Núm. 6736

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

16 MAR. 2017

SAIDA

Num. 398

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da secretaria xeral Técnica da consellería do Mar para informar sobre “O balance da loita contra o furtivismo en Galicia”.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 25.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 25.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 19658(10/POC-003221)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa posible prohibición da pesca da sardiña nos próximos quince anos nas zonas VIII c e IX a, as medidas que está a adoptar para evitala e, se é o caso, as previstas para garantir o futuro do cerco

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a posible prohibición de pescar sardiña nos próximos 15 anos nas zonas VIIIc e IXa

O cerco representa un arte de pesca fundamental para centos de familias en Galicia. Actualmente están rexistradas na nosa comunidade 150 embarcacións que utilizan esta arte. As catro especies principais que capturan son a xarda, xurelo, bocareo e sobre todo a sardiña.

Precisamente a sardiña é un dos peixes que máis preocupa ao sector. Un informe feito público a mediados do mes de xullo polos científicos do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) tras o encargo da Comisión Europea, indica que a sardiña necesita un período de 15 anos sen pesca algunha para poder recuperarse nas zonas VIIIc e IXa, xa que o tope de 17.000 toneladas anuais establecidas estes dous últimos anos non é unha medida suficiente.

Este informe xerou unha fonda preocupación no sector, xa que estar 15 anos sen poder pescar un produto clave para o certo galego, significará a desaparición da práctica totalidade dos buques e dos seus respectivos postos de traballo. Portugal xa avisou que para nada coincide coas conclusións do informe, xa que considera que utiliza datos antigos e polo tanto desactualizados.

A posibilidade sobre un veto á pesca da sardiña nas nosas augas é real, polo que as administracións públicas deben tomar este en consideración e adiantarse a unha medida que pode significar a fin do cerco en Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:27
Nº Rexistro: 19658
Data envío: 02/11/2017 18:27:29.005



Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

- Que valoración fai sobre unha posible prohibición para non pescar sardiña nos próximos 15 anos?
- Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia contra esta posible prohibición?
- No caso de que finalmente se produza a prohibición, que medidas ten pensado tomar a Xunta para asegurar o futuro do cerco?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 18:26:18

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/11/2017 18:26:25

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 25.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 1895(10/POC-000265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa e os datos referidos ao proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas medidas adoptadas pola Garda Civil no porto de Aguiño respecto de tres embarcacións dedicadas á extracción de percebe por non axustarse a potencia dos seus motores á que figura nas súas documentacións

Publicación da iniciativa, 29, 15.12.2016



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 1895
Data envío: 01/12/2016 16:45:01.905

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a coñecer a posición do Goberno galego diante das desproporcionadas medidas levadas a cabo pola Garda Civil no porto de Aguiño, entre as que están decomisar tres embarcacións do percebe por utilizar motores con maior cabalaxe, para garantir maior seguridade no desenvolvemento da súa actividade, que o que figura na documentación da embarcación.

Volve ser motivo de preocupación e alarma social a situación de numerosas embarcacións que quedaron sen regularizar polos diferentes procedementos levados a cabo dende a Lei 9/2007, de 22 de xuño, e que tivo a súa macabra visualización nas actuacións levadas a cabo pola Garda Civil, na porto de Aguiño ao proceder a decomisar tres lanchas que se adican á extracción de percebe. Quedando os seus titulares imposibilitados de poder traballar e sobrevivir por unha falta administrativa e por unha inadaptación da potencia dos motores que vai en detrimento da seguridade da actividade, dun mellor e máis seguro acceso ao recurso, repercutindo directamente na seguridade e mellorando as medidas de auxilio e salvamento da propia tripulación, pero sobre todo que é



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 1895

Data envío: 01/12/2016 16:45:01.905

unha medida que non ten incidencia ningunha no esforzo pesqueiro, dado que o mesmo está regulado mediante unha cota diaria.

Unha norma que pretende actualizar a inscrición no rexistro de buques, no caso de cabalos e GT's, establécese a través da aportacións de baixas, escasas neste momento que se ten convertido nun negocio especulativo, ao cal os mariñeiros non están dispostos a pagar cantidades abusivas para intentar regularizar a potencia das súas embarcacións, imprescindible para poder traballar con dignidade en actividades como o percebe.

Unha normativa que leva moitos anos intentando regularizar o sector pero que malia as últimas modificación de tolerancia de CV e GT's quedaron excluídos moitas embarcacións por estar incluídas en procesos de regularización anteriores, por teren desistido do procedemento establecido a través da Lei 9/2007 ou por non ter a oportunidade de iniciar a tramitación dado a complexidade e o excesivo burocratismo deste procedemento.

Un procedemento que se eterniza, que non acaba de comprender a realidade e as necesidades da flota galega e que antepón o concepto de administración centralista a axilidade administrativa e a necesidade de solucionar os problemas do sector dunha vez. Neste contexto encontrámonos coa actitude da propia da Xunta de Galiza que renuncia a reclamar as competencias propias en ordenación do sector, que fai o papel sucursalista, delegando en Madrid as decisión, sen que esta desenvolva nin unha iniciativa por buscar alternativas, a pesares das diversas iniciativas trasladadas a este Parlamento para buscar solución as principais problemáticas que está a sufrir, sobre todo as pequenas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 1895
Data envío: 01/12/2016 16:45:01.905

embarcacións que desenvolven unha actividade regulada e controlada. A Xunta nada fixo para impedir tanta burocracia máis alá que marear papeis.

A última actuación esta da Garda Civil, que se atreve a requisar tres embarcacións por non se axustar o cabalaxe ao que figura na documentación. Unha medida desproporcionada que impide que os traballadores do mar poidan contar coa súa ferramenta imprescindible para poder conseguir o seu sustento diario.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- En que situación se atopa o proceso de regularización de embarcacións pesqueiras na Galiza? Cantas embarcacións galegas están pendentes de regularizar? Cales son as causas? Cantas quedaron fora do procedemento impulsado pola Lei 9/2007? Cando vai reclamar un procedemento áxil que permita a regularización de todas as embarcacións pesqueiras?

2.- Non considera desproporcionada as medidas levadas a cabo pola Garda Civil no porto de Aguiño? Trasládoulle as queixas do Goberno galego ao Subdelegado do Goberno?. Que medidas adoptou para garantir que os percebeiros poidan volver a faenar?

3.- Que medidas propón a administración para que poidan conseguir GT's a un prezo razoable? E CV's para todas aquelas embarcacións que supoña maior seguridade e non incremente o esforzo pesqueiro?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 1895
Data envío: 01/12/2016 16:45:01.905

4.- O procedemento actual non lle parece excesivamente burocrático? Non sería máis práctico e prestaríase un mellor servizo ao sector se reclamaran a transferencia de competencias para a regularización de embarcacións e rexistro de buques?

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/12/2016 16:42:01

Olalla Rodil Fernández na data 01/12/2016 16:42:06

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/12/2016 16:42:11

Noa Presas Bergantiños na data 01/12/2016 16:42:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 16:45
Nº Rexistro: 1895
Data envío: 01/12/2016 16:45:01.905

Xosé Luis Bará Torres na data 01/12/2016 16:42:18

Ana Pontón Mondelo na data 01/12/2016 16:42:22

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 25.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 13251(10/POC-002330)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a situación das escaleiras de madeira que discorren
entre o porto de Sada e a rúa de Abaixo do núcleo de Fontán

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

M^a Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

As escaleiras de madeira que discorren dende o Porto de Sada ata a rúa de abaixo do núcleo de Fontán, son utilizadas habitualmente por bastante xente. Ultimamente, atópanse nunhas condicións de abandono que supoñen un grave problema de seguridade para as persoas, e de feito son varios os accidentes ocorridos, o último fai apenas uns días, no que unha persoa rompeu dous dedos do pé dereito.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o Goberno galego a situación na que se atopan as escaleiras de madeira que discorren dende o Porto de Sada ata a rúa de abaixo do núcleo de Fontán?
2. Cando pensa levar a cabo o Goberno galego as xestións necesarias para dotar de seguridade as escaleiras de madeira que discorren dende o Porto de Sada ata a rúa de abaixo do núcleo de Fontán?
3. Cal é o motivo polo cal dende Portos se rexeita calquera documentación que non se presente no rexistro de Portos de Galicia, xeral ou auxiliares, e que dificulta deste xeito a presentación de reclamacións á cidadanía?

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2017

Asdo.: M^a Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2017 11:03
Nº Rexistro: 13251
Data envío: 28/07/2017 11:03:52.327



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez na data 28/07/2017 10:57:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/07/2017 10:58:06

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2017 10:58:11

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 25.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 21903(10/POC-003527)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a concesión administrativa dun centro deportivo situado na rada arousá pola Autoridade Portuaria de Vilagarcía

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

O pasado 1 de decembro a Autoridade Portuaria de Vilagarcía tomou a decisión de transmitir a concesión do centro deportivo Condesa Sport situado na rada Arousana á empresa Grupo Sanbrafit S.L., que é unha empresa de recente creación e moi vencellada a anterior concesionaria da instalación deportiva portuaria.

Esta decisión, ademais de semellar cando menos discutible en termos legais, pero sobre todo éticos, debería ser reformulada, xa que a actual situación é derivada das decisións políticas do PP no Concello e no Consello de Administración do Porto, que facilitaron a unha empresa “afín” a utilización privativa de dominio público para unha actividade que nada ten a ver coa actividade portuaria, ademais de incrementar os obstáculos para abrir Vilagarcía ao Mar.

Dende este grupo consideramos que a renuncia do anterior concesionario debería ter servido para recompoñer esta lamentable situación, de forma que se recuperase para o uso público ese entorno, ou en todo caso permitise unha utilización con prezos mais acaídos aos prezos do entorno evitando desta forma que se continúe a competencia desleal con outros proxectos empresarias desta índole.

A transmisión contempla a subrogación dos compromisos da anterior empresa, co que entendemos necesario que antes da transmisión da concesión, dende a



administración se tiveran interesado sobre o futuro dos traballadores e a situación ao respecto das débedas tributarias e coa Seguridade Social.

En Marea tamén se pregunta que interese tiña a administración portuaria en non abrir a posibilidade de transmisión a outras entidades interesadas, de tal forma que se optase pola mellor en termos económicos, sociais e laborais para a cidade e o porto.

Por todo o exposto, a deputada e deputado asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en **Comisión:**

- 1.ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia desta transmisión de concesión administrativa pechada para outros operadores interesados?
- 2.ª) Cree a Xunta que se actúa conforme a lexislación con este proceso, que valoración fai do ingreso en materia de Canon que vai recibir o porto por esta actividade?
- 3.ª) Como é posible que non se teñan introducido novos criterios que garantan o futuro e viabilidade da explotación logo da experiencia co anterior concesionario?
- 4.ª) Ten realizado a administración público algúnha actividade tendente a garantir a solvencia da empresa que recibe a transmisión, xa que a mesma é de recente creación e con persoas relacionadas co anterior concesionario?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga



Juan José Merlo Lorenzo



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2017 09:30
Nº Rexistro: 21903
Data envío: 28/12/2017 14:13:16.708

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 28/12/2017 14:12:26

Juan José Merlo Lorenzo na data 28/12/2017 14:12:34